



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



SEMANA GALEGA DE MOBILIZACIÓN CONTRA A POBREZA

13 ao 18 outubro 2009



ANTECEDENTES

“Somos a primeira xeración capaz de erradicar a pobreza”. Esta frase, acuñada nas Nacións Unidas, converteuse no lema da maioría das ONGD españolas e galegas nos últimos anos.

No ano 2000 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Declaración do Milenio, na que 189 Xefes de Estado e goberno se comprometeron a facer todo o posible para erradicar a pobreza, promover a dignidade humana, a igualdade, acadar a paz, a democracia e a sostibilidade ambiental. Para isto, e antes do 2015, deben acadarse os oito Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, que contén a devandita Declaración.

Trala Declaración do Milenio, a sociedade civil mundial organizouse para esixir aos seus gobernos que se responsabilizasen no cumprimento dos ODM, constituíndose así o “Chamamento Global de Acción contra a Pobreza” (GCAP, nas súas siglas en inglés)

No marco da GCAP, a Coordinadora Española de ONGD e todas as Coordinadoras autonómicas, entre elas a Coordinadora galega de ONGD, lanzaron no 2005 a Campaña Pobreza Cero (www.pobrezacero.org), que constitúe unha das maiores mobilizacións que cada ano, arredor do 17 de outubro, teñen lugar en España e en Galicia, e na que participan a case totalidade das ONGD españolas e galegas.

Dende Galicia, ao amparo do impulso da Coordinadora Galega de ONGD, constituíronse pequenas redes locais impulsoras da Campaña Pobreza Cero nas sete principais cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ferrol Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo). Nestas redes participan as 48 ONGD integradas na Coordinadora Galega.



PACTO GALEGO CONTRA A POBREZA

O 19 de decembro de 2007, dentro das actividades de incidencia política que acolle a Campaña Pobreza Cero, e promovido pola Coordinadora de ONGD España, asinouse o Pacto de Estado contra a Pobreza por tódalas forzas políticas presentes no Congreso dos Deputados.

Este pacto tiña e ten como obxectivo principal o de establecer compromisos firmes e duradeiros na loita contra a pobreza, e o de facer que as políticas de cooperación poidan manterse no tempo, superando os cambios electorais de goberno.

Por que un Pacto Galego contra a Pobreza?

Malia á existencia dun Pacto de Estado contra a pobreza que vincula a todas as forzas políticas nun compromiso firme cara ao cumprimento dos ODM, ben é certo que dende as Comunidades Autónomas tamén se están a facer esforzos orientados á erradicación da pobreza, dende as respectivas áreas de cooperación ao desenvolvemento.

Galicia ten andado moito camiño na erradicación da pobreza. Nos últimos 8 anos, coa aprobación da Lei 3/2003 de Cooperación para o Desenvolvemento e coa instrumentalización desta cooperación a través do Plan Director da Cooperación Galega 2005/2009, tense establecido un novo marco legal para o traballo do sector da cooperación galega.

Pero ademais, son miles as e os galegas/os, que participan dende 2005 nas diferentes concentracións, manifestacións e actividades que a Coordinadora Galega organiza cada ano en outubro, dentro da Campaña Pobreza Cero. Milleiros de persoas e de sinaturas de apoio á Campaña amosan o compromiso da sociedade civil galega coa erradicación da pobreza.

Esta lexitimidade do apoio da sociedade civil é a que faculta á Coordinadora Galega de ONGD neste momento, para emprender a marcha cara á firma dun Pacto Galego contra a Pobreza, que recolla os compromisos co cumprimento dos ODM que a cidadanía galega vén reclamando dende 2005.

O Pacto Galego contra a Pobreza recollerá compromisos concretos para pór en marcha as medidas políticas que require o cumprimento dos Obxectivos do Milenio. E sobre todo no cumprimento do Obxectivo número oito que se corresponde co COMPROMISO POLÍTICO DOS PAÍSES DESENVOLVIDOS na loita efectiva contra a pobreza. Unha loita que pasa por cambiar as políticas estruturalmente inxustas que veñen rexendo as relacións Norte-Sur ate o momento e que se refiren ao comercio internacional, á débeda externa e á calidade e cantidade da Axuda Oficial ao Desenvolvemento, materializada na esixencia do 0.7% do PIB de cada país.



ACCIONES POR CIUDADES

Santiago de Compostela

8 de outubro: Rolda de prensa de presentación da Semana Galega de Mobilización contra a Pobreza.

9 de outubro: 1ª Xornada "Galicia cara ao Pacto contra a Pobreza".

13 de outubro: Instalación de pancarta P=0 na Alameda.

13 de outubro. Votación polo Pacto contra a Pobreza. Facultade de Historia.

13 a 16 de outubro. Semana contra a Pobreza. Facultade de CC.Educación.

15 de outubro: Concentración na Praza Roxa. Acto simbólico para votar por un Pacto Galego contra a Pobreza. Performance: Manolo Panforreteiro

16 de outubro: 2ª Xornada "Galicia cara ao Pacto contra a Pobreza". Xornada Aberta con partidos políticos, administracións e axentes sociais.

Lugo

13, 14, 15 e 16 de outubro: Mesa informativa con reparto de materiais e acto simbólico para votar por un Pacto Galego contra a Pobreza.

14 de outubro: Presentación en rolda de prensa de Hugo Torres.

Vigo

14 de outubro: Cinefórum con Curtametraxes sobre a Pobreza.

15 de outubro: Mesa Redonda sobre a Pobreza na cidade de Vigo. "Do Global ao local" con Manoel Santos.

16 de outubro: Obradoiros e xogos cooperativos Pobreza Cero para nenas/os.

17 de outubro: MANIFESTACIÓN DE TODALAS PLATAFORMAS GALEGAS. Lectura do manifesto: D. Hugo Torres (Nicaragua) e D. Erasto Reyes (Comité de Honduras)

Ourense

15 de outubro: Conferencia "Galicia cara ao Pacto contra a Pobreza" por Hugo Torres. E pola tarde Charla "Periodismo comprometido fronte a adversidade: Cooperación ao desenvolvemento no Golfo de Fonseca"

15 e 16 de outubro: Mesa informativa con reparto de materiais e acto simbólico para votar por un Pacto Galego contra a Pobreza.



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



Ferrol

15 de outubro: Concentración e acto simbólico para votar por un Pacto Galego contra a Pobreza.

Pontevedra

13 de outubro: Rolda de prensa "Galicia cara ao Pacto contra a Pobreza" con Hugo Torres.

16 de outubro: Mesa informativa con reparto de materiais e acto simbólico para votar por un Pacto Galego contra a Pobreza.

Viana do Bolo

15 de outubro: Taller sobre ODM con rapaces de 1º de ESO. Conferencia "Galicia cara ao Pacto contra a Pobreza" por Hugo Torres.

A Coruña

13 de outubro: "Galicia cara ao Pacto contra a Pobreza" por Hugo Torres.
Acto simbólico para votar por un Pacto Galego contra a Pobreza.



ONGD'S PARTICIPANTES

Nos actos da Semana Galega de Mobilización contra a Pobreza participan ONG's para o Desenvolvemento, pertencentes á Coordinadora, pero tamén que non son membros da mesma.

FERROL: Axuda en Acción, Enxeñeiros sen Fronteiras, ONG Lena, Mundo Cooperante, Solidariedade Internacional de Galicia e Fuco Buxán.

LUGO: Consello das Asociacións Socioculturais de Lugo: A Cova da Terra, Axuda en Acción, Taller de Solidariedade, Axunica e outras asociacións socioculturais de Lugo.

OURENSE: Amigos da Terra, Taller de Solidariedade, Solidariedade Internacional de Galicia, Anacos da Cidade e Partido por un Mundo máis Justo (PJOUM)

A CORUÑA: Farmamundi, Axuda en Acción, Intermón Oxfam, Entreculturas

VIGO: Rede Social Galicia Sur: Entreculturas, Educación sen Fronteiras, Intermón Oxfam, PROCLADE, Comité Óscar Romero, Médicos del Mundo, Cáritas Tui-Vigo, Emaús, Solidariedade Internacional de Galicia e moitas outras.

PONTEVEDRA: Axuda en Acción, Solidariedade Internacional de Galicia.

SANTIAGO: Mans Unidas, Paz e Desenvolvemento, ACPP, Médicos do Mundo, InteRed, Entreculturas, Intermón Oxfam, Jóvenes y Desarrollo, PROYDE e FISC. Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Xeografía e Historia, Colexio La Inmaculada e Colexios da Rede Solidaria da ONGD Entreculturas.

VIANA DO BOLO: Axuda en Acción e Escolas da Terra



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



A COORDINADORA GALEGA DE ONGD

A Coordinadora Galega de ONGD é unha federación de ONGD que agrupa a un total de 48 organizacións que traballan no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, a axuda humanitaria e de emerxencia, a educación para o desenvolvemento e a presión política.

Naceu no 1991 e está integrada na Coordinadora de ONGD-España desde abril de 2002 como membro de pleno dereito.

A misión principal da Coordinadora Galega de ONGD, tal e como o recolle na súa recente Planificación Estratéxica é contribuír á erradicación da pobreza nun marco de desenvolvemento sostible e promoción dos Dereitos Humanos, que propugna a eliminación de calquera tipo de discriminación, ademais da promoción da igualdade entre mulleres e homes en todas as súas áreas de traballo.

Para dar cumprimento a esta misión, a Coordinadora traballa principalmente na construción dun modelo de cooperación ao desenvolvemento de calidade e transformadora para Galicia, mediante a potenciación dun espazo de intercambio e reflexión das ONGD integradas concretado no avance das Comisións de Traballo e na liña de incidencia política común.

Traballa sobre todo no fortalecemento do sector da cooperación galega, para convertelo nun sector forte e representativo